CONCELLO DE SANTIAGO

SOLICITUDE

Programa Santiago suma de inclusión social do Concello de Santiago de Compostela

UTS ___ / Nº expdte.: _____ Nº de XIESS: _____

☐ SOLICITANTE

D.I.	NOME E APELIDOS			TELÉFONO 1	TELÉFONO 2
ENDEREZO					CÓDIGO POSTAL
PROVINCIA	DATA DE NACEMENTO	PAÍS DE NACEMENTO	CORREO ELECTRÓNICO		

☐ REPRESENTANTE

D.I.	NOME E APELIDOS			TELÉFONO 1	TELÉFONO 2
ENDEREZO					CÓDIGO POSTAL
PROVINCIA	DATA DE NACEMENTO	PAÍS DE NACEMENTO	CORREO ELECTRÓNICO		

EXPÓN:
Que tendo coñecemento da existencia do Programa Santiago suma de inclusión social do Concello de Santiago de Compostela publicado no BOP da Coruña núm.º 103, do 3 de xuño de 2015,

SOLICITA:
A participación no devandito programa, a través das seguintes prestacións:

Renda de solidariedade activa	Subsidio básico		☐
	Complemento de aloxamento		☐
Axudas para afrontar situacións de risco social	Manutención		☐
	Aloxamento	Pago mensual de aloxamento	☐
		Contrato de nova vivenda	☐
	Mantemento da vivenda habitual	Débeda de subministracións básicas	☐
		Alta contratos de subministracións enerxéticas	☐
		Débedas á comunidade	☐
		Débedas por gastos de aloxamento	☐
	Equipamento básico da vivenda		☐
	Promoción da autonomía persoal		☐
	Situacións de extrema gravidade		☐
Axudas para a prevención e a inserción social	Actividades		☐
	Comedor escolar		☐

Autorizo o ingreso da axuda concedida na entidade bancaria:

Nome: _____ Enderezo: _____

IBAN ☐☐☐☐ ☐☐☐☐ ☐☐☐☐ ☐☐☐☐ ☐☐☐☐ ☐☐☐☐

a favor de: _____

Santiago de Compostela, ___ de _____ de 201_.

O/A solicitante / representante,

Asdo.: _____

A sinatura desta solicitude implica:

- Achegar a documentación requirida pola Ordenanza municipal do Programa Santiago suma de inclusión social respecto á necesidade que motiva este pedimento.
- Declarar que todos os datos son certos, sabendo que a súa falsificación **dará lugar á revogación e extinción da axuda e á esixencia do reintegro das cantidades percibidas, no seu caso.**
- Quedar sabedor/a da obriga de comunicar calquera variación que se produza no futuro.
- Autorizar, segundo a normativa, ao **Concello de Santiago de Compostela** para obter a información adicional que consideren necesaria para completar o expediente e dirixirse aos organismos públicos ou privados competentes, xa sexa a través de acceso directo a bases de datos por medios informáticos ou librando o correspondente pedimento.

Consonte o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Santiago de Compostela para a xestión do proxecto. En calquera momento poderá exercitar, en relación cos seus datos persoais, os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo por escrito ao Servizos Sociais deste Concello.

ALCALDE DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

SERVIZOS SOCIAIS
Isaac Díaz Pardo, 2-4 – 15705 Santiago de Compostela- Tel. 981 542 465- Fax. 981 542 484
santiagosuma@santiagodecompostela.org - www.santiagodecompostela.org

DOCUMENTACIÓN ACHEGADA:

☐ Fotocopia do documento de identidade da persoa solicitante.

No suposto de solicitantes estranxeiros:

☐ Nacionais de estados da Unión Europea: certificación da súa inscrición no Rexistro Central de Estranxeiros.

☐ Nacionais doutros estados: tarxeta de residencia en vigor e resolución ou certificación de concesión do permiso de residencia legal dos períodos previos requiridos en España, nos termos establecidos no Real decreto 2393/2004, do 30 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, e normativa de desenvolvemento.

☐ Fotocopia do libro de familia.

☐ Certificado de empadroamento e convivencia da persoa solicitante.

No caso de existencia de relacións permanentes análogas á conxugal, esta será acreditada en calquera das formas seguintes:

☐ Certificación do Rexistro de Parellas de Feito da Comunidade Autónoma de Galicia.

☐ Para convivencia de feito sen inscrición rexistral, declaración responsable das persoas integrantes da parella, ou copia compulsada de resolución xudicial que acredite a convivencia de feito.

☐ Declaración responsable da persoa solicitante na que faga constar, se solicitou e/ou percibiu durante o ano en curso algunha outra subvención ou prestación polo mesmo concepto, de calquera administración pública ou entidade pública ou privada e, en caso afirmativo, a súa contía e orixe.

☐ Xustificante do gasto para o que solicita a prestación, de ser o caso.

☐ Declaración responsable de ingresos cando non se poidan acreditar documentalmente.

☐ Certificado de nivel de renda para prestacións sociais, ou no caso de non terse realizado, certificación negativa.

☐ Certificación do Catastro da Propiedade Inmobiliaria, relativa os bens inmobles da persoa solicitante ou certificado negativo.

☐ Certificación ou declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

☐ Certificados bancarios relativos ao estado de contas, títulos e movementos bancarios dos últimos 6 meses.

☐ Copia do contrato do alugamento da vivenda e o último recibo do aluguer, de ser o caso.

☐ Copia do documento soporte do préstamo hipotecario (escritura notarial ou documento bancario) e xustificante de pago da última cota do préstamo hipotecario, se fose o caso.

Nos supostos de residencia colectiva, cando sexan utilizados de forma independente polas unidades de convivencia, documentos actualizados que acrediten cada circunstancia específica, tales como:

☐ Factura de aloxamento.

☐ Certificado de residencia en centro de acollida.

☐ Contrato de hospedaxe ou de aluguer de cuartos en vigor, acompañado dos correspondentes recibos.

☐ Contrato de arrendamento en vigor, acompañado dos correspondentes recibos.

Xustificantes de ingresos de todos os membros da unidade familiar maiores de 16 anos:

Traballadores por conta allea.

☐ Fotocopia das ultimas nóminas.

☐ Fotocopia do contrato laboral.

Traballadores autónomos:

☐ Declaración da renda anual do ano anterior.

☐ No suposto de que teña iniciado a actividade no actual exercicio económico, presentarán, ademais, certificación da administración competente que acredite o inicio da actividade e declaracións trimestrais 130 e 300 do último trimestre.

Pensionistas:

☐Certificación expedida polo órgano competente sobre cantidade percibida ou, se é o caso, certificado negativo correspondente.

Demandantes de emprego con prestación:

☐ Certificación do SEPE, na que se faga constar o período de concesión da prestación e a contía mensual da prestación concedida.

Demandantes de emprego sen prestación:

☐ Certificación do SEPE na que se faga constar a inscrición como demandante de emprego e que non percibe prestación ningunha (de todos os membros adultos e maiores de 16 anos non escolarizados que formen parte da unidade de convivencia).

Perceptores de axudas públicas:

☐ Certificación ou resolución de concesión expedida polo órgano competente, na que se faga constar o período concedido e a contía mensual que se percibe.

Casos de separación ou divorcio ou nulidade matrimonial ou cancelación da unión de feito:

☐ Copia da sentenza e do convenio regulador e, no caso de ruptura da unión de feito, certificado do rexistro correspondente acreditando a cancelación da inscrición da devandita unión ou, se é o caso, declaración responsable das persoas membros da parella manifestando o cesamento da convivencia de feito.

☐ Xustificantes das achegas económicas establecidas na dita sentenza e convenio regulador ou, se non existe, denuncia por incumprimento da sentenza ou demanda de execución. Para o caso de resultado infrutuoso da execución, ao non terse obtido o pago de alimentos nin terse trabado embargo sobre bens propiedade do executado, certificado do secretario xudicial sobre este extremo.

Casos de ruptura da unión de feito con fillos/as recoñecidos/as:

☐ Copia da sentenza de garda, custodia e alimentos e convenio regulador.

☐ Xustificantes das achegas económicas establecidas na dita sentenza ou, de non a haber, denuncia por incumprimento da sentenza ou demanda de execución. Para o caso de resultado infrutuoso da execución, ao non terse obtido o pago de alimentos nin terse trabado embargo sobre bens propiedade do executado, certificado do secretario xudicial sobre este extremo.

Casos de acollemento de menores por resolución administrativa ou auto xudicial:

☐ Copia da resolución administrativa pola que se formaliza o acollemento ou sentenza xudicial.

☐ Certificado ou resolución do organismo competente, no caso de recibir remuneración pola dita situación, indicando a súa contía.

No caso de que formen parte da unidade de convivencia menores de 16 anos:

☐ Certificación emitida polos centros educativos nos que estean matriculados, indicando o número de faltas de asistencia sen xustificar.

Estudantes maiores de 16 anos de idade:

☐ Certificado de estudos ou copia de matrícula do curso correspondente , se fose o caso.

Nos supostos de violencia de xénero ou doméstica:

☐ Orde de protección en vigor ou calquera outro dos medios previstos na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero ou na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

☐ Informe médico da sanidade pública que xustifique a necesidade ou conveniencia da axuda, se fose o caso.

☐ Certificado bancario no que conste o número de conta da persoa física ou xurídica que a persoa beneficiaria designe para os efectos de cumprir co destino e finalidade da prestación, na que se farán os ingresos da prestación económica ou axuda que no seu caso sexa concedida.

☐ Calquera outra documentación que se considere necesaria para acreditar as circunstancias que se aleguen e demostren a carencia ou o nivel de ingresos da persoa ou da unidade familiar (_____).

No caso, de que algúns dos documentos requiridos non poida presentarse por impedimentos legais ou administrativos, alleos ao solicitante:

☐ Declaración responsable do solicitante na que conste o impedimento.

Cando coas solicitudes se presenten soportes documentais xustificativos de ter solicitado algunha documentación necesaria para a tramitación do expediente, os documentos pendentes achegaranse en canto sexan recibidos. En caso de que non foran presentados cando finalice o prazo establecido para a xustificación, revogarase a prestación coa obriga de reintegrala consonte o previsto na Ordenanza.